

ANEXO I. MODIFICACIÓN. BASES XERAIS DE ADMISIÓN NO CURSO DE FORMACIÓN "ACCESIBILIDADE UNIVERSAL COMO OPORTUNIDADES DE NEGOCIO"

1 PERSOAS DESTINATARIAS

Curso de formación destinado principalmente ao sector empresarial, aínda que pode asistir calquera persoa interesada.

2 SOLICITUDES

As solicitudes a este curso de formación, segundo o modelo de ficha que se anexa, dirixiranse ao presidente da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte e presentaranse mediante algún destes medios:

- Rexistro da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte (Praza de Galicia, 2º andar- Casa do Concello de Boiro), de luns a venres en horario de 9.00 a 13.30 h.
- Por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) . Entenderase asinada a ficha no momento do envío por correo electrónico.
- Por correo postal certificado.

Non se admitirán as solicitudes que non teñan cubertos todos os seus apartados.

O prazo para presentar a inscrición está recollido no anexo II (programa do curso)

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección de participantes dará lugar a exclusión automática do programa formativo.

Para calquera dúbida en relación a este programa formativo poden poñerse en contacto coa Mancomunidade de Municipios no teléfono 981 845 236 ou por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) .

Para poder asistir como alumno/a deberán de **presentar a seguinte documentación** xunto coa solicitude de inscrición (a documentación debe estar vixente):

- a. Para nacionais: Fotocopia do DNI, pasaporte ou permiso de condución ou no seu lugar, acreditación de extravío ou subtracción do DNI.
- b. Para estranxeiros: Fotocopia de NIE, TIE ,pasaporte ou permiso de residencia que acredite a súa nacionalidade .

3 SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Os participantes para o programa formativo seleccionaranse seguindo os seguintes criterios:

1. Sector empresarial (5 puntos)

Acreditarase mediante fotocopia do CIF, recibo de autónomos ou calquera outra documentación que o acredite.

2. Perfil de técnico, guía ou estudante de turismo (3 puntos)

Acreditarase mediante unha certificación, fotocopia do título relacionado co turismo ou calquera outra documentación suficiente que o acredite.

3. Residir en calquera dos concellos de Arousa Norte (Riveira, A Pobra do Caramiñal, Rianxo ou Boiro) (2 puntos)
4. Por orde de inscrición

Antes do inicio do programa formativo publicarase o listado das persoas inicialmente admitidas no blog de emprego da Mancomunidade Arousa Norte (<http://arousanortemprego.wordpress.com>)

As persoas admitidas e que por circunstancias sobrevidas non poidan asistir, deben comunicalo o máis axiña posible mediante un escrito ou correo electrónico dirixido á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte.

4 REXIMEN DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

A expedición de certificados de asistencia supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas do curso de formación.

As persoas admitidas que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito remitido á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte.

As persoas interesadas en recibir un certificado de asistencia solicitarano á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) ou por escrito, podéndoo recoller nas oficinas da Mancomunidade en horario laboral.

ANEXO II. PROGRAMA DO CURSO: ACCESIBILIDADE UNIVERSAL COMO OPORTUNIDADE DE NEGOCIO

Núm. horas	Prazas/ edición	Núm. de edicións	Prazo para presentar á inscrición
20 h	25	1	24/05/2013 ás 13.30 h

1 PRAZO PARA PRESENTAR Á INSCRICIÓN

O prazo para presentar ás inscricións rematará o día **24/05/2013 ás 13.30 horas**. *Admitiránse inscricións fora de prazo sempre que non se cobran as prazas.

2 OBXECTIVOS

- Favorecer a actividade económica de Arousa Norte contribuíndo á mellora na prestación de servizos públicos e privados tendo como eixe transversal a accesibilidade universal.
- Sensibilizar ao sector empresarial da comarca sobre as oportunidades de negocio e mellora na calidade da prestación dos seus servizos tendo como marco de referencia a accesibilidade universal.

- Desenvolver estratexias para aumentar a rendibilidade social das empresas da comarca concretando liñas de actuación orientadas a favorecer a relación cos clientes.
- Desenvolver liñas de actuación sobre as vantaxes competitivas destinadas a incrementar o número de clientes e a usabilidade dos servizos.
- Xestionar de forma óptima os recursos da propia empresa para unha eficaz prestación de servizos accesibles.
- Desenvolver produtos e servizos adaptados a persoas con discapacidade.
- Favorecer a compatibilidade entre as actividades económicas e a accesibilidade universal.
- Mellora a política de responsabilidade corporativa.
- Potenciar o coñecemento e relación do sector empresarial cos grupos de interese máis significativos: persoas con discapacidade, persoas maiores e familias.

3 CONTIDOS

Módulo I. A accesibilidade universal e o deseño para todos: definición, aplicacións e axudas técnicas (1 hora)

Concepto de accesibilidade universal

Concepto de deseño universal

Exemplos de aplicación

Elementos de apoio

Módulo II. Marco normativo: a lexislación vixente (autonómica, nacional e internacional) (2 horas)

Normativa de accesibilidade en Galicia

Normativa de accesibilidade en España

Normativa de accesibilidade na Unión Europea

Módulo III. Accesibilidade urbanística e arquitectura: teoría e aplicacións da accesibilidade universal e o deseño para todos en edificacións e vivendas, espazos públicos. Axentes que interveñen no proceso de deseño e construción.

Visualización da normativa aplicada

Situación actual, problemática e vantaxes dun contorno segundo as súas características.

Axentes implicados

Módulo IV. Accesibilidade no transporte: teoría e aplicacións da accesibilidade universal e o deseño para todos en mobilidade e transporte. Axentes que interveñen no proceso de deseño, construción e adquisición. Normativa específica sobre accesibilidade no transporte.

Exemplos e visualización da aplicación da normativa en vehículos

Axentes implicados

Módulo V. Accesibilidade turística e na prestación de servizos en xeral: teoría e aplicacións da accesibilidade universal e o deseño para todos na prestación de servizos. Axentes que interveñen no proceso de deseño e construción.

Parámetros que integran o concepto "Destino turístico"

Axentes implicados

Accesibilidade na información e comunicación. As TIC´s

Normativa específica sobre accesibilidade na comunicación

Exemplos e visualización da normativa en soportes e medios

Axentes implicados

Módulo VII. Principais discapacidades e necesidades dos clientes. Ponte no meu lugar

Rol playing

Posta en común da experiencia

Módulo VIII. Como auditar o meu establecemento e a prestación do servizo para coñecer as adaptacións necesarias en Accesibilidade Universal. Metodoloxía.

Elaboración de formularios de avaliación

Uso dos formularios de avaliación

Proba de usuario

Módulo IX. Sinalización e wayinfinding. Un entorno ben deseñado orientado ó usuario final.

Normativa específica sobre sinalización.

Sistemas de sinalización

Plans de sinalización.

Módulo X. Boas prácticas: exemplos de establecementos e servizos adaptados.

Normativa específica sobre sinalización

Sistemas de sinalización

Plans de sinalización

Módulo XI. Como diferencio o meu establecemento. Criterios DALCO: UNE 170.001 e 170.002

Normativa DALCO

Proceso de certificación

Beneficios da certificación.

Módulo XII. Liñas de actuación para mellorar a rendabilidade da empresa

Estratexias de equipamento

Estratexias operativas

Estratexias de difusión

Módulo XIII. Beneficios empresariais e económicos da Accesibilidade Universal.

Escenarios comparados

Módulo XIV. Práctica auditoría en edificio.

Exercicio de avaliación conforme aos formularios elaborados do módulo VIII.

Módulo XV. A persoa con discapacidade como cliente: pautas de trato axeitado.

Linguaxe verbal.

Comportamento xestual e linguaxe corporal.

Procedementos operativos

Peche. Avaliación e peche do curso

Enquisa de satisfacción

4 PRAZAS

O número de prazas para este curso é de 25.

5 DATAS, HORARIOS E EDICIÓNS DO CURSO

Núm. de edición	Sede	Datas/ horario
1	Casa da Cultura "Ramón Martínez López" Av de la Constitución, 30- Boiro	3,4,5 e 6 de xuño Horario: de 9.00 a 14.00 h

O curso podería ter unha segunda edición, se houbera a demanda suficiente.